

Tempos Novos

Xestionado por [Tempos Novos](#)

ANDRÉS TORRES QUEIRUGA, TEÓLOGO

"A miña teoloxía é un golpe baixo aos tradicionalistas e fundamentalistas"

A través dos cristais da súa casa, as torres da catedral sobresaen nunha paisaxe rururbano que segue a facer da vella Compostela, no tempo da voracidade urbanística e do economicismo, un milagre difícil de explicar. A teoloxía de Andrés Torres Queiruga, que xa ten audiencia nos cenáculos intelectuais de medio mundo, non refuga tampouco ese paradigmático escenario. Unha entrevista de **Luís Álvarez Pousa** con fotografías de **Quico López**.

TEMPOS Novos - 09:59 07/05/2007

Móvese entre os desafíos aos que se abriu a modernidade, que é terreo rururbano e movedizo para quen, home de fe, tira consecuencias teolóxicas que removen a autoritas dos pazos episcopais entre Roma e Santiago. Non é ortodoxo quen distingue entre fe e teoloxía. Entre fe e moral. Nesa tarde de marzo, a entrevista deu de si o que un agarda sempre do xornalismo: que funcione coma modo de coñecemento.

Esta mañá lin en La Vanguardia unha entrevista cun teólogo e escriturista de Montserrat que se autodefinía “de mentalidade socialista e catalán”. Serviría tamén para vostede, salvando o de catalán?

Sen dúbida. Sempre que ao de socialista non se lle dea un significado sistemático, e se traduza de mentalidade ou de espírito socialista, e galego, claro.

Da lectura da súa obra teolóxica deducen uns que é un heterodoxo. Outros, en cambio, din que é un renovador da ortodoxia. A quen lle temos que dar máis creto?

Andrés Torres Queiruga (Aguiño, 1940). Afianzou o seu pensamento a partir de Amor Ruibal, a contraño da oficialidade. Está baixo sospeita por defender a inculturación da fe -o galeguismo cristián, activado na revista *Encrucillada*, que dirixiu até agora-; por repensar o cristianismo en libros que non pasarían o *nihil obstat* episcopal -*A revelación de Deus na realización do home*, un deles, *A resurrección non é un milagre*, a punto de saír en Italia-. A súa teoloxía conecta co cristianismo da liberación, arriscando consecuencias que removen Roma con Santiago. Con fundamento filosófico -dá Filosofía da Relixión na USC-, e con finura ensaística -entrou na Academia Galega cunha *Nova aproximación a unha filosofía da saudade*-.

Para os que viviron unha teoloxía de tipo patrístico e medieval, sen aceptar nunca os cambios que supuxo o novo paradigma da modernidade, moito do que sosteño na miña teoloxía parecerálles unha herexía. Forman parte do grupo que por desgraza se veu impoñendo na teoloxía desde Xoán Pablo II, e que Ratzinger veu apoiando. Os do segundo grupo serían aqueles teólogos que asumen eses cambios, e por iso estiman a miña

teoloxía e mesmo a miña filosofía, pero sen deixar de recoñecer que os asustan algunhas das consecuencias ás que chego.

Volvemos entón á soidade profética?

Non me sinto desasistido. Hai un terceiro grupo de persoas que, aínda sen teren formación teolóxica, captan perfectamente o que eu chamo a música da miña teoloxía. Nese grupo están os que mellor me entenden e acollen. Constatoo cando interveño en encontros de cristiáns tanto dentro de España como fóra, e moi concretamente en países latinoamericanos.

A que se debe tanta prevención?

Hai que ter en conta que aínda conservamos moitos esquemas antigos, cos que chocan algunhas das miñas deducións intelectuais. Poño por caso, cando afirmo que a oración de petición ao Deus do cristianismo non ten sentido...

...non me negará que é unha dedución arriscada, poñendo en cuestión a maneira en que moitos entenden e esgotan a súa relación con Deus...

Pero ten unha explicación lóxica. Movémonos dentro dunha cultura que asume a autonomía da natureza e do funcionamento do mundo. Deus fainos libres para un mundo que nos toca administrar a nós, aínda que vele por el coma o seu creador e noso salvador. Pedíndolle que resolva os nosos problemas, no fondo o que facemos é atribuírlle a Deus a culpa de estalos padecendo. Somos libres e podemos buscarlles solución por nós mesmos.

Niso estriba así mesmo a súa teoría sobre a realidade do mal, non si?

Hai que partir da finitude do mundo, e deducir que nunha realidade finita non é posible o axuste de tódalas necesidades, polo que os conflitos acaban sendo inevitables. E somos nós os que nos temos que enfrontar con eles. O dilema, xa que logo, non é que podendo acabar co mal, Deus non o faga. O que fai é apoiarnos na loita contra o mal.

Un dilema, non obstante, difícil de asumir cando o mal se manifesta con toda a súa dureza na masacre de Atocha, nas matanzas diarias de Iraq, na miseria que cuarteia África, no sufrimento de tantos nenos famentos e maltratados... Como é posible alimentar a esperanza nese Deus ante un mundo que é obra súa e está tan penetrado polo mal?

Non só é posible, senón que é o máis coherente co cristianismo, que está fundado como sabes por un fracasado. Nos textos bíblicos, Deus é aquel que se compadece polo sufrimento do pobo oprimido. O cristián sabe por iso que é loitando contra o mal, contra a inxustiza e contra canto causa miseria e destrución, como acolle de verdade a Deus. Sendo inevitable que se produza nun mundo finito, Deus só terá sentido na loita contra o mal. Con esta reflexión, que xa vén de cando era estudante de filosofía en Comillas, empeza precisamente o meu cambio na teoloxía...

...que podería por iso quedar sometida a sospeita, coma a doutros teólogos aos que a Congregación para a Doutrina da Fe chamou ou segue chamando a capítulo...

Xa estou baixo esa sospeita. Quen faga unha lectura fundamentalista das Escrituras sempre acabará vendo nos meus libros materia sospeitosa.

Ultimamente, como está sucedéndolle ao teólogo da liberación Ion Sobrino, perseguen desde Roma aos que non resaltan a divindade de Xesús de Nazaret. En que medida poderían pensar que a súa teoloxía, na que a figura de Cristo é unha referencia central, tamén desafia a doutrina oficial ao respecto?

Como se esforzou en demostrar Karl Rhaner, Xesús é central no cristianismo. Para que siga sendo así no mundo de hoxe, non o podemos ler nun esquema mitolóxico, coma alguén que baixa, pasa por aquí e sobe ao ceo, que é o que está no imaxinario colectivo. O fundamental para min é pensar que queremos dicir cando falamos da divindade de Xesús. Eu descúbroo indirectamente a través de dous ángulos interpretativos. Un deles, o da Revelación: Xesús fala de Deus dunha maneira insuperable, con plena coherencia teórica e práctica, o que comporta que a súa relación con El é única. Outro, o da Resurrección, non polo da tumba baleira e as aparicións, que responden unicamente á necesidade de asegurar a verdade do 'e ao terceiro día resucitou', senón porque Xesús se nos amosa coma o modelo da nosa resurrección.

Deduzo entón que a vostede non lle preocuparían as noticias destes días que anuncian por enésima vez a aparición da tumba de Cristo.

Levaríame unha alegría inmensa se aparecese a tumba co cadáver de Xesús. Teríamos a máis preciosa e prezada reliquia histórica. Con todo, é difícil que suceda, porque o máis probable é que, unha vez crucificado, levasen o seu cadáver a unha fosa común, que era daquela o destino dos condenados sen recursos.

A entrevista completa, na edición impresa da revista TEMPOS Novos (nº 118, abril de 2007)